

Ganadora Redacción Carla López Souto.
Ceip Pedro Barrié de la Maza, Sada.

O legado da avoa

NOTABA a auga percorréndolle as meixelas e esvárdolle polas costas. O anaco da ducha era o seu momento favorito do día, neses minutos o mundo esbaileirase ao seu redor, xa non existía nada máis e podía concentrarse completamente nos seus pensamentos e nos seus propios soños. Sós, ela e máis a auga, ningún máis. Máis a única cosa do mundo mellor que o intre da ducha era pasar o verán na casa dos seus avós en Lugo. E o irónico é que iso era o único no que pensaba. Bueno, niso e na Noiteboa, pero iso é cousa doutra historia.

Ao día seguinte, entrando en Lugo, Antía miraba abraiada pola ventanía a inmensa muralla que a transportaba a outras épocas. Os avós esperaban na porta cos brazos abertos e un gran sorriso repleto de fermosas erupciones, esa que só checa a lexicia de reencontrarte cos teus. Baixou do coche e fundiu-se nunha aperta co seu avó, mentres a súa irmá pequena intentaba rodear os seus curtos brazos á súa avoa, Carme.

Tras os primeiros días saboreando unha deliciosa rutina de verán, decidíuse a comezar cos bosquegos de debuxo do concurso 2023 Muralla de Lugo. Levava toda a súa vida esforzándose, pero nunca lograra gañar así que este ano tiña que conseguirlo. Era unha especie de reto persoal e nun par de meses cumpría os doce anos. Ali estaba buscando a inspiración co lapis na man, a mirada fixa na muralla e uns cascos que reproducían 'Terra' das Tanxueguezas —convertérase na súa canción en galego favorita—. Sentía que por ben que debuxase necesitaba unha idea orixinal. Un destes días sentouse na herba, disposta a atopar inspiración, como adoi-

taba facer. Mais mentres miraba a muralla esperanzada viu que das súas grises pedras saía unha especie de... trasno? Soltou o lapis case sen darse conta e comezou a correr cara a esa misteriosa criatura que escorregava polo muro. Era moi baixío, tiña un grosor nariz e un gorro puntiagudo dun verde escuro que combinaba coas follas que levaba cosidas a modo de roupa. Tiña aspecto de novo, pero Antía non soubo calcular a súa idade exacta. Seguiu durante uns cantos minutos, que lle pareceron horas, ata chegar a un lugar descoñecido. Sentiu medo. So vía pedras ata que, de súpto, apareceu diante dos seus ollos un lugar máxico. Era unha especie de bosque pero moi colorido e cheo de trasnos saltando.

—Qué está pasando? Onde estou?, preguntou Antía, que comezaba a estar un chisco nerviosa á par que abraiada. Non deixaba de mirar ao seu redor, era incrible.

—Antía, déjate contaxiar polas risas que te rodean. Poucas persoas teñen a oportunidade de visitar este lugar. Nós somos os trasnos da muralla e aínda que poída soar irónico o noso non é facer trasnadas, contestou mío-randaos aos ollos.

Antía intentou relaxarse e amodilóse a lexicia se apoderou dela. Pero aínda había moitas cousas que non comprendía: como aquél trasno sabía o seu nome? Entón o dixo:

—Son un trasno moi ocupado e tenio asuntos que atender. Só tes que prometeme que lle darás esta mensaxe á túa avoa. Dille que chegou o momento; debe contártelle xa o segredo.

—Deu por rematada a conversación.

—Chispas! Acompaña a Antía ao exterior, berrou ao lonxe.

Chispas era unha trasniña que levaba flores entrelazadas en dúas longas trenzas loiras. Acheouse á nena e guionou ata o exterior da muralla. Antía tratando de asimilar todo o sucedido decidiu esperar ata despois do xantar para realizar o seu cometido. Cando rematou co seu relato, Carme dixole:

—Míña rulíña, debo contarche unha historia. Fai douce mil anos, un home chamado Augusto or-

denou construir unha inmena muralla para protexer un bosque cheo de trasnos. A importancia destes trasnos estaba en que, co seu alento, emanaban substancias capaces de facer do mundo un lugar mellor. Por aquel entón, Augusto quería conservalo para manter a paz cos seus inimigos e o Imperio a salvo. Mais os anos pasaron, os tempozos foise adaptando para ser útil ós problemas dos nosos días.

Polo que teño sabido, a día de

hoxe, ten un papel fundamental no quenacemento global. Co tempo, os humanos foron levantando a cidade que agora coñecemos como Lugo e os trasnos que habitaban o bosque foron sendo desterrados. Mais eles foron quen de manter o seu bosque sagrado nun lugar segredo que ningún imaxinaria: o interior da mesma muralla de Lugo. Porén, non podían logralo sós e elixiron a cinco afortunados de todo Lugo que lle axudarian dende fóra a que todo funcionase e a manter o seu mundo en segredo. Cando un deles non puidera seguir, pasarlle o relevo aos seus descendentes e así sempre seríamos cinco guardiáns.

—Seremos?, interrompeu Antía, que levaba un anaco abraiada polo relato da súa avoa.

—Pequechíña, eu son unha deles e ti serás a seguinte. Ainda falta tempo para iso mais aos trasnos gústalles ser precavidos e querían que o soubesses xa, por iso se deixaron ver ante ti, rematou a avoa dándolle un bico que lle soubo a moitas cousas: agarimo, illusión, responsabilidade e sobre todo, confianza.

Os anos pasaron rapidamente e Antía dáballe a súa primeira ducha na residencia de enfermería de Lugo, onde acababa de mudarse. Mentres a auga lle revolviña os rízos, lembraba o mes pasado, o más triste da súa vida, o da despedida da súa avoa. Levaba tempo enferma e chegara o momento de dicir adeus.

Elas nunca necesitaran moito para entenderse, bastáballes cos seus ollos intensos e as miradas que o dízan todo se sabías escotálas. E elas sabían.

Antía forzou un sorriso, pois quería que a última erupga da súa avoa non fora de tristura senón de felicidade.

A partir de agora a súa vida ía ser completamente distinta. Agora era unha gardiá e o futuro do planeta estaba, en certo modo, nas súas mans.

DIBUJO

1º premio Jimena Domínguez García Vista Alegre Burela

Finalista Javier Bustabad Cristo Rey A Coruña

Finalista Ainhoa Natascha Henriquez Salesianos Lugo

Finalista Laura López Areán Eloísa L. Rivadulla Chantada

Finalista Esther Gómez López Colegio Fingoi Lugo

Finalista Noah Bello Novo Rosalía de Castro Vigo

COLEGIO

Fingoi

REDACCIÓN

1º premio Carla López Souto Pedro Barrié de la Maza

Finalista Gabriella Bellas Leal Antonio Iñsua Bermúdez

Finalista Lara Romo Leivas Vista Alegre Burela

Finalista Jimena Domínguez García Vista Alegre Burela


Finalista Jorge Melo Reigosa Vista Alegre Burela

Finalista Adela Claudia Alba Gaponova Castrelo de Miño

COLEGIO

Santiago Apóstol de Narón

Ganadora Dibujo Jimena Domínguez García Ceip Vista Alegre de Burela



Co financiamento de:



WEBINARIO

Repercusións do cambio climático na seguridade e a saúde no traballo

FALAREMOS DE:

- Estrés térmico
- A radiación UV
- A contaminación atmosférica
- Os accidentes industriais graves
- Os fenómenos meteoroloxicos extremos
- O aumento das enfermidades transmitidas por vectores
- Maior exposición ao produtos agroquímicos

CON:

Jaime Villaverde Hevia, Director Técnico PRL Nacional Ibersys

29/04

De 10 a 12 h.

Inscrição:

www.cel.es

Gabinete Técnico de Seguridade e Saúde Laboral
Confederación de Empresarios de Lugo (CEL)